

TÁBOA REDONDA COA NOVA POESÍA

Rafa Villar, Marta Dacosta, Paco Souto, Igor Lugris, Lupe Gómez e Eduardo Estévez

"Hoxe somos moitos os que asumimos a poesía como unha militancia"

Forman parte dos trescentos poetas que temos no país e que só no pasado ano publicaron uns cincuenta libros de poesía. Son dos máis novos e talvez por iso os máis atrevidos. Alguns deles fixéronse ouvir no último congreso da Asociación de Escritores en Língua Galega e, ante todos os consagrados, deixaron clara a súa militancia poética. Como aval presentaron a multitude de recitais e actos nos que a

cotío participan, volvendo a "poesía ás súas orixes" e levando os seus versos a todos os recunchos. "Democratizando" enfin o feito literario. Non é estrano velos en pub e cafés recitando os seus versos, por Cuba, polos presos, pola lingua, polos insubmisos... respondendo a unha chamada e rodeados de xente nova que a cada máis se vai achegando a poesía.

CARME VIDAL

Rafa Villar, Marta Dacosta, Paco Souto, Igor Lugris, Lupe Gómez e Eduardo Estévez confécense da súa coincidencia en actos literarios. Os tres primeiros, pese a súa mocidade, levan máis de dez escribendo e contan con obra publicada. Lupe ven de autoeditar o seu primeiro libro. Igor ten verquido os seus versos a varias revistas e publicará proximamente en Edicións do Dragón e Eduardo Estévez está a espera de poder tirar do prelo o seu primeiro na Galiza despois de ter xa dous na Arxentina onde viviu até hai ben pouco. E a pesares de que de cada edición apenas se vendan 200 ou 300 libros -menos que o número de poetas, como eles lembran- están conseguindo sementar o país de poesía como non pasaba hai moitos anos.

Rafa Villar: A nómina de poetas até hai ben pouco remataba en Fermán Vello ou en Paulino Vázquez e nós sabiamos que había unha continuidade e decidimos apresetamos sen buscar patern-

lismos. Sabíase que había xente nova escribindo pero non se nos daba o recoñecemento oficial e por iso por primeira vez decidimos asistir ao congreso da Asociación de Escritores en Língua Galega.

Paco Souto: E non falamos só de poetas que publican o seu primeiro libro. A pesares de ser novos, entre os que estamos aquí hai xente que leva dez anos traballando e ten varios libros na rua.

Rafa Villar: Entramos por vontade propia, axudándonos só entre nós.

Marta Dacosta: Iso foi importante para dar o paso e entrar na AELG. Falábamos entre nós e a nosa relación foi fundamental para levar moitas ideas adiante, a min non me axudou ninguén dos que estaban antes.

Compartimos unha vontade común. Dicián Emilio Insua ao presentar o seu libro. Falaba de tres características na nova poesía, desvalorización das formas, apa-

riencia de sinceridade e tratamento de temas universais. Eu restrialle importancia á última e si me quedaria coas outras dúas que ao mellor é o que temos en común.

Rafa Villar: Non teño aínda claro que nos diferencia da anterior xeración, nen por onde vai a ruptura estética.

Lupe Gómez: Hai moitas diferencias entre nós que impeden globalizar todo o que hoxe se está a facer en poesía. Ás veces acúsanos de certo atrevimento, chocha que rompas co marco establecido.

Marta Dacosta: Pode, en todo caso, que nos chamen impacientes.

País de poesía

Rafa Villar: Neste momento na poesía galega estase a dar un convívio de xeracións. Escrebe xente como Manuel María xunto a Pepe Ciccamo ou Antón R. López ou Lupe Gómez que naceu no 1972. É certo que hai unha eclosión de xente nova pero o número de poetas é alto.

Marta Dacosta: En determinados tramos de idade abundan máis. Hai moitas circunstancias porque, de toda a xente nova, quen vai quedar?

Paco Souto: Estamos a vivir un certo apoxeo de xente nova escribendo e teño a impresión de que dalgunha maneira para que isto ocorra influíu moito o eco importante que tivo a poesía dos anos setenta e oitenta. Xente como Fermán Vello, Salinas ou Pilar Pallarés foron fundamentais. O eco da poesía dese momento foi transcendente, había axitación poética nas ruas e iso foi moi importante para os que agora escriben. Posibelmente está a escribir máis xente da que en condicións naturais, como dicitia Marta, escribiría poesía.

Marta Dacosta: Pero o feito de que haxa máis persoas escribendo en galego é para nós o ideal de normalidade.

Rafa Villar: Esta xeración que está entrando na poesía é a que xa tivo no ensino un contacto directo co galego.

Igor Lugris: E iso é algo que inflúe moito, o estudo no bacharelato e o achegamento á literatura galega é fundamental para que a xente se poña a escribir.

Rafa Villar: Partimos tamén de que o xénero prestixiado neste momento non é a poesía, é a narrativa e dentro dela a novela.

Igor Lugris: E tamén hai un grande número de narradores.

Rafa Villar: Pero os poetas facémonos ver máis porque un narrador non pode levar a súa novela a un pub como facemos nós. Dígamos que si, que se nos ve máis, pero de narradores hai unha chea deles, e novos, que están aí.

Paco Souto: Os que escribemos agora somos fillos dun momento transcendente. Somos fillos e tomamos parte, pero xa tarde, da transición. Temos capacidade de acción política e iso nótese na xente que escribe da nosa idade. Case sempre son militantes que levan a súa militancia á poesía ou á literatura en xeral. Obviamente

"Non entendo a postura de autores que deixan que os seus libros traducidos ao español se distribúan na Galiza"

Igor Lugris



"Ás veces acúsanos de certo atrevimento. Á sociedade chócalle que rompas o marco establecido"

Lupe Gómez



"Non se recoñece a existencia dunha literatura nacional que é a galega. Identificamos como noso a Pérez Reverte ou Muñoz Molina"

Rafa Villar



"En determinados tramos de idade as cousas abundan máis, da xente nova que escribe poesía, quen vai quedar?"

Marta Dacosta



"Con independencia de que nos gusten ou non, entendemos a necesidade política de facer recitais. Sentimos a obriga moral de estar aí."

Paco Souto



RA S

non son todos, pero teño a impresión de que un grande número de poetas asume a poesía como parte da súa militancia e neste sentido podes atopar a Marta, a Rafa, a Paco, a Igor, a Chus Pato e demais, en canto recuncho poético existe. Imos non xa porque nos gustan os recitais senón porque entendemos esa necesidade política de facer recitais de poesía no país. Creo que ademais tamén se nota na escrita.

Volver á orixe da poesía

Rafa Villar: Somos militantes da poesía e do feito literario, como di Paco, e iso fainos que Marta e eu, por exemplo, vaíamos dar un recital o 17 de Maio a Verín ou a un acto de solidariedade con Cuba ao Barco de Valdeorras.

Lupe Gómez: E o propio feito de recitar abonda, échete.

Paco Souto: Sentimos a obriga moral de estar aí. Eu venho cada Martes desde Muros a Compostela a presentar a un poeta novo que vai recitar no pub Tarasca e vou a Salvaterra á festa da poesía porque apoio a unha xente que aposta forte por unha cousa.

Igor Lugris: Igual que unha militancia política se plasma nunha manifestación ou nun mitin, unha militancia poética plásmase nun recital e na idea de democratizar a poesía e demostrar á xente que todo o mundo se pode achegar a ela.

Lupe Gómez: É ao tempo unha actitude persoal, hai militantes da poesía que non fan recitais.

Igor Lugris: E levas grandes sorpresas, nalgún que fixemos Rafa e eu nun pub perdido quedamos abraizados da cantidade de xente que asistiu.

Eduardo Estévez: Un amigo meu de Bos Aires que organizaba recitais nunha librería cos poetas arxentinos máis coñecidos escribíame encantado porque xuntaba a unhas trinta persoas e estamos a falar dunha cidade de dez millóns. Aquí en Compostela, no pub Tarasca, sempre hai trinta como pouco.

Marta Dacosta: Estamos volvendo a poesía ao seu sentido orixinal.

Rafa Villar: Ese compromiso non tira para que estemos no momento de máis heteroxeneidade da poesía galega; están abertos máis camiños, máis vías literarias por onde ir. Hai dez anos poderíase indicar as liñas que seguía a poesía, era máis fácil, pero hoxe, estamos nun momento de eclosión de cousas que ao mellor no futuro se poderán ver con máis claridade. No que non hai dúbida é nese regreso á poesía comprometida que se está a ver.

Igor Lugris: Ao mellor non é o compromiso máis claro, pero si se nota no propio perfil dos actos que se organizan.

Rafa Villar: E á contra, cando se organiza un acto de solidariedade con Cuba, cos insubmisos ou cos presos, todo o mundo pensa nun recital de poesía.

Paco Souto: Porque para un recital sábese que hai uns determinados poetas cos que podes contar de seguro. Iso é importante e dame a impresión que non acontecia antes. Os recitais de poesía da xente de Amor e Desamor eran os seus recitais, aínda que logo a nivel individual a maior parte deles



De esquerda á dereita Lupe Gómez, Rafa Villar, Marta Dacosta, Eduardo Estévez, Igor Lugris e Paco Souto.

"Somos a xeración na que as mulleres irrumpiron na produción poética"

Marta Dacosta: Non creo que se poda falar de poesía de muller porque significaría ao tempo falar de poesía dos homes. O que si se pode dicir é que agora hai unha maior presenza da muller escribendo.

Eduardo Estévez: Toda a nosa xeración asume a igualdade e a discriminación parécenos estrana.

Lupe Gómez: Non é xeral esa igualdade, segue pesando a tradición.

Rafa Villar: Esta é a xeración do salto, estase propiciando esa irrupción.

Marta Dacosta: Estámolo propiciando individualmente, cada unha de nós.

Lupe Gómez: Si, ninguén nos

empurra.

Marta Dacosta: De repente constátase que hai moitas mulleres publicando e con calidade, pero o número aínda é menor.

Lupe Gómez: É importante que haxa unhas poucas que o fagan dunha forma natural. Teño estado en actos de poesía e ser a única muller sen por iso me sentir estrana.

Marta Dacosta: A min tamén me ten pasado sen me decatara no momento de que era a única muller, e isto xa é un signo de normalidade. Síntese en igualdade de condicións. Pero ás veces ás mulleres estexenos máis.

tiveran militancia no nacionalismo de esquerdas e a nivel persoal asumisen ese traballo político non o facían como poetas.

Lupe Gómez: Os recitais son tamén unha forma de comunicar poesía, unha forma distinta de facela chegar, distinta do propio feito de escribir.

Marta Dacosta: Tamén che gusta ver o texto en acción. É interesante para os autores ver o resultado do seu texto directamente o que non se pode facer cando é lido por alguén. Ademais achégaste a diversos planos, porque estás con compañeiros que escriben cos que podes intercambiar ideas pero tamén tes ao receptor pero.

Paco Souto: Son un encontro entre amantes da poesía, pero o feito de facer recitais en sitios non especificamente pensados para a poesía implica que levas a poesía a outro nivel, estás en contacto coa xente da rua que, por exemplo, vai tomar copas a un pub e lle levas ali a poesía. Tamén é unha boa maneira de que poetas aos que lle resulta difícil publicar teñan deste xeito unha forma de dar a coñecer a súa obra pero agora as cousas mudaron e os atrancos non son tantos. Sobre todo desde que existen as Edicións do Dragón que fan carpetas de poesía para xente nova e outras maneiras de se meter no mundo da edición, aí temos a Rafa

"A produción literaria en galego tende a normalizarse"

Eduardo Estévez

Villar ou Lupe Gómez que fixeron unha edición de autor ou a Marta Dacosta que ten gañados varios premios. Hoxe está medianamente cuberta a posibilidade de que autores noveis cheguen a ver publicados os seus textos.

Lupe Gómez: Nunca busquei vías alternativas. Fixen unha autoedición do meu primeiro libro porque non o aceptaron nas editoriais ás que fun e presentei a premios e non os gañei e foi entón cando, animada por moitas persoas, recurrín a esta vía, pero non porque a valorase máis cas outras.

Rafa Villar: Eu tamén comecei cunha autoedición e hoxe non sei se o faría polo esforzo que conlevo, non só pola propia edición senón tamén pola distribución que é o máis custoso e da que tamén tes que facerte cargo. E iso non só na edición de autor, a Administración non sabe como incidir no mundo editorial para aliviarlle esas cargas que ao mellor non poden levar.

Eduardo Estévez: Non se lle pode botar aos escritores a culpa de pouca difusión dos libros. Este é o único sitio onde o escritor se ten que preocupar da presentación dos seus libros, o editor é sempre quen presenta e difunde.

Rafa Villar: Ten que haber unha literatura máis normalizada a todos os niveis. Ninguén se cuestiona es-

creber en español pero si sofremos certa subsidiariedade da nosa escrita. Os lectores galegos non son quen de identificar a súa literatura cando identifican como seus escritores como Pérez Reverte ou Muñoz Molina. Preocúpame máis iso que a pouca venda dos libros, o problema está en non recoñecer a existencia dunha literatura nacional que é a galega. Umberto Eco tivo nun escaparate de Compostela trinta libros expostos e iso non aconteceu con ningún galego.

Igor Lugris: Pasa coas traducións. Non entendo a postura dos propios autores que deixa que libros traducidos seus ao español se distribúan aquí e ademais con pouca honestidade porque se xustifican falando da edición en galego cando a Galiza non chega a súa tradución, por exemplo, ao alemán.

Paco Souto: Aí o autor ten moito que dicir, é o que asina o contrato.

Igor Lugris: Si, pode poñer as súas condicións. Pasa agora co disco de Antón Reixa que non deixa de soar en español. Eu aínda non fun capaz de escoitalo en galego na rádio. Debíase coídar estas cousas.

Marta Dacosta: Tamén está o caso dos libros que non aparecen. Eu gañei un premio da deputación e o libro non se encontra porque o enviaron só aos centros galegos espallados polo mundo adiante, no segundo intento non tiven mellor sorte porque levo un ano á espera e aínda non se sabe nada. Gañas un premio e logo non sabes nada, iso é de deputación en deputación. Pero hai outras propostas, existe por exemplo o premio Espiral Maior.

Eduardo Estévez: Pero non se está sobervalorando, significa un libro dun autor novo publicado ao ano.

Igor Lugris: Tamén é importante que sexa sen contía económica. Non entendo eses premios que, se botas contas, páganche a mil pesetas o verso e ao mellor a obra non vai a ningures, nen a publican nen a distribúen.

A lingua, preocupación común

Marta Dacosta: Hai tamén unha cuestión fundamental que é a situación da lingua. Se todas as linguas teñen problemas, canto máis unha que está loitando por ser recoñecida no seu propio territorio.

Igor Lugris: Nunca tivo tantas cousas en contra.

Rafa Villar: Sen dúbida a principal preocupación de todos nós. Iso si que é algo que nos une.

Eduardo Estévez: Teño a impresión de que a produción literaria en galego tende a normalizarse.

Rafa Villar: Pero, como dicitia antes, non hai recoñecemento dos poetas galegos.

Eduardo Estévez: E o Estado Español recoñece aos seus poetas?

Marta Dacosta: Todos saben que Rafael Alberti é un poeta seu.

Lupe Gómez: Tamén aquí todo o mundo coñece a Rosalía de Castro.

Rafa Villar: Pero os galegos asumen a Alberti como un poeta propio e iso é un problema extraliterario.